



# CARTO GRAFÍA(S)


Estudio Rurban

[info@estudiorurban.com](mailto:info@estudiorurban.com)




# Menú do día

|               |                                    |
|---------------|------------------------------------|
| 16:30 - 16:45 | Chegar e recapitular               |
| 16:45 - 17:35 | Mellorar a técnica de facer mapas  |
| 17:35 - 18:15 | Coñecemento situado                |
| 18:15 - 18:25 | Descanso                           |
| 18:30 - 19:00 | Deseñar e acompañar proxectos      |
| 19:00 - 19:30 | Avaliación, aprendizaxes e desexos |





MELLORAR A TÉCNICA



# Mellorar a técnica


- 1) Debuxar puntos
- 2) Iconas e metadatos
- 3) Debuxar liñas\_ rutas
- 4) Debuxar áreas\_ polígonos
- 5) Que é un arquivo KML?
- 6) Base cartográfica vectorial ou ráster? Como traballar con ela?
- 7) Que é unha isocrona?
- 8) Cómo facer tracks?



Mapa compartido en GoogleMyMaps  
<https://www.google.com/maps/d/u/0/edit?mid=1uw9yUtXtW0HI4o6PQIsLaA3r5q3-0pt5&usp=sharing>

Traballar en GoogleEarthPro  
Versión escritorio .... a versión web é ben distinta...

# O detonante da actividade: a autonomia




# Eu vivo aquí\_



Á esquerda destas liñas fotos de diferentes actividades nas aulas encamiñadas a xerar o mapa colectivo da autonomía e mobilidade. Sobre estas liñas as cinco categorías de adhesivos que empregaron (casa, xogo, perigo, actividade extraescolar, parada de bus máis cercana). O espazo en branco é para o seu código persoal.

Á dereita, por orde:  
Enquisa empregada nas aulas  
Carta de presentación aos titores  
Enquisa para as titoras/es














Fotografías de diferentes fases do traballo (por orde):



- Saída de campo para facer recoñecemento dos camiños (2 fotos)
- Reunión preparatoria coa dirección do centro e protección civil
- Xornada de traballo co equipo de goberno e a Deputación (presentación da proposta de actuación).



# Planta, alzado



# Mapas



Dereito e necesidade de **autonomía**  
**Ilusión** coa idea da bici e de ir cos  
 amigos á escola  
 Precisan gañar/consolidar  
**responsabilidade**



Pouca implicación como **grupo**  
 Percepción de **riscos e medos** elevada  
 Entender as **vantaxes** do cambio  
 Problemática de **conciliación** laboral e  
 atención aos “coidados”

As estradas e rúas son inseguras

Vivimos moi lonxe

Son pequenos para ir sós /soas



Aposta do concello por  
 facer unha “vila camiñable”

Aposta da DEPO por  
 proxectos de execución de  
 rúas do territorio



Traballo transdisciplinar;  
 urbanismo / arquitectura /  
 inxeñería  
 antropoloxía/ educación/  
 servizos sociais  
 mediación/comunicación



Conscientes da necesidade  
 de cambios “complicados”.

O traballo está moi condi-  
 cionado polas urxencias do  
 día a día.

Necesarios certos apoios.



Policía Local; sen medios +  
 necesaria actualización.

Protección Civil; apoio va-  
 lioso + formación situada.

DXT; educación para a  
 seguridade viaria adaptada



¿Existe un horizonte de  
 cidade compartido?.

Xestión de conflito; a  
 disputa polo espazo público.

Relación dos escolares co  
 veciñanza / comerciantes.

| curso<br>2016-2017                                                                                    | Diagnose e deseño do<br>Plan de Implementación                                                                                                  |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                       | <div> <div>enquisas</div> <div>mapas</div> <div>rutas</div> <div>tarefas</div> <div>avaliación</div> </div>                                     |
|                       | <div>reunións /colaboración/seguemento</div>                                                                                                    |
|                       | <div> <div>enquisas</div> <div>avaliación</div> <div>reunión</div> </div>                                                                       |
| DEPO+<br>Concello<br> | <div> <div>reunións previas</div> <div>reunión avaliación política</div> <div>reunións avaliacións técnicas</div> </div>                        |
|                       | <div> <div>documentación</div> <div>actividades</div> <div>transferencia</div> <div>deseño de materiais</div> <div>procesado datos</div> </div> |
|                       | <div>reunións e colaboración</div>                                                                                                              |
|                       | <div> <div>presentación á veciñanza</div> </div>                                                                                                |

| curso<br>2017-2018                                                         | ITINERARIOS A +B<br>urbanismo táctico                                                                                                                                |
|----------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| LABORATORIO DOS<br>NENOS E NENAS                                           | <div> <div>actividades educativas en Primaria</div> <div>cursos Bikeability nivel 0 - 2</div> </div>                                                                 |
|                                                                            | <div>adscripción do centro ao Plan Proxecta:<br/>Mobilidade e seguridade vial</div>                                                                                  |
|                                                                            | <div> <div>ESCOLA DE NAIS E PAIS</div> <div>pedibús?</div> </div>                                                                                                    |
| <b>A<br/>N<br/>T<br/>E<br/>P<br/>R<br/>O<br/>X<br/>E<br/>C<br/>T<br/>O</b> | <div> <div>execución táctica</div> <div> <div>semana da mobilidade</div> <div>días sen coche</div> </div> <div>deseño paradas do camiño</div> <div>obra</div> </div> |
|                                                                            | <div> <div>xestión do tráfico - control do cumprimento</div> <div>apoio en puntos conflictivos</div> <div>sensibilización para a seguridade vial (DXT)</div> </div>  |
|                                                                            | <div> <div>campaña veciñi@s no camiño (comerciantes)</div> <div>campaña de seguridade viaria</div> </div>                                                            |

| curso<br>2018-2019 | FASE 2: expansión dos<br>itinerarios                                                                                                                                                                  |
|--------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                    | <div> <div>actividades educativas en ESO e Bacharelato</div> <div>cursos Bikeability nivel 0 - 3</div> </div>                                                                                         |
|                    | <div>adscripción de outros centros ao Plan Proxecta:<br/>Mobilidade e seguridade vial</div>                                                                                                           |
|                    | <div> <div>ESCOLA DE NAIS E PAIS</div> <div>bicibús?</div> </div>                                                                                                                                     |
|                    | <div> <div>intervención en Vilachán / Estás</div> <div> <div>semana da mobilidade</div> <div>adecuación itinerario ao Instituto</div> </div> <div>calmado de tráfico en viais municipais</div> </div> |
|                    | <div> <div>ordenanza de apoio para a xestión da convivencia vial</div> <div> <div>xestión do tráfico - control do cumprimento</div> <div>apoio en puntos conflictivos</div> </div> </div>             |
|                    | <div> <div>campaña veciñi@s no camiño (AVV) e nas parroquias</div> </div>                                                                                                                             |




foto





Atividade de exploração e mapeo coletivo do centro histórico linear de Moaña. Dando de San Martín a Praia (Praza de Abastos) pasando polos barrios do Casal de Arriba, Abaloño (A Feira), Quintela, A Canexa ata o mar.

Atividade de exploração e mapeo coletivo do centro histórico linear de Moaña. Dando de San Martín a Praia (Praza de Abastos) pasando polos barrios do Casal de Arriba, Abaloño (A Feira), Quintela, A Canexa ata o mar.



# MAPEAR UN CENTRO

# HISTÓRICO LINEAL



CONCEPTS  
E DISEÑO:

ACTIVIDADE EM MARCADA NA:

SEMANA DO  
CONSUMO  
RESPONSÁVEL

## PEDIGREE

**VINCULADOS**

Atividade de exploração e mapeo coletivo do centro histórico linear de Moaña. Desde San Martín a Praia (Praza de Abastos) pasando polos barrios do Casal de Arriba, Abelaño (A Fera), Quintela, A Canexa ata o mar. Recóllense elementos de arquitectura, espazos abertos e seguridade viál. Traballouse dúas clases de bacharelato (máis de 40 alumnos) que, distribuídos en grupos, recolleron e votaron neste panel a información ao longo dunha mañán.


Atividade de exploração e mapeo coletivo do centro histórico linear de Moaña. Desde San Martín a Praia (Praza de Abastos) pasando polos barrios do Casal de Arriba, Abelaño (A Fera), Quintela, A Canexa ata o mar. Recóllense elementos de arquitectura, espazos abertos e seguridade viál. Traballouse dúas clases de bacharelato (máis de 40 alumnos) que, distribuídos en grupos, recolleron e votaron neste panel a información ao longo dunha mañán.



Actividade Extraordinária: SEMANA DE CONSUMO

RESPONSE


seguridade viaria



# x3



arquitetura tradicional e moderna



Medrou  
aos lados

Medrou  
en altura

Rehabi-  
-litada

En obras

Deteriora  
/en ruína

Xigante

Repetidas

Casiña Nova

## TRADICIONAIS

CÓDIGO

TIPOLOXIA

ALTURAS

COR

HABITADA?



## RECENTES

CÓDIGO

TIPOLOGIA


ALTURAS

COR

HABITADA?



espazos verdes



TIPO

### DESCRIPCIÓN



○

- [ ] [ ] [ ] [ ] [ ] [ ] [ ] + % cultivado

- [ ] [ ] [ ] [ ] [ ] [ ] [ ] + paisaxe

- [ ] [ ] [ ] [ ] [ ] [ ] [ ] + reutilización

- [ ] [ ] [ ] [ ] [ ] [ ] [ ] + gústanos?



# Trakear rutas\_exportar archivo



## OSMTracker for Android™


Nicolas Guillaumein Viajes y guías

★★★★★ 1.284


PEGI 3

Esta aplicación es compatible con todos tus dispositivos.


Instalada



## Debuxar isocronas



# Mapas de autonomía



# DESEÑAR E ACOMPAÑAR

O PROCESO DE TRABALLO

RECOLLER DATOS

XERAR E COMPARTIR COÑECEMENTO







## Pretendemos

- Identificar e caracterizar a rede de recursos da cidade da Coruña destinados a PSF e PIM.

- Mudar o estigma que acompaña as persoas en situación de exclusión.

- Solidarizarnos con esta realidad.

- Asumir unha responsabilidade compartida na garantía do dereito ao hábitat.

**Curso 17/18**

## CRÉDITOS

Proxecto compartido entre a Facultade de Ciencias da Educación, da Universidade de Coruña, e a asociación Arquitectura sen Fronteiras, en que participaron

**3 DOCENTES**  
Leire Cruz (coordinadora do proxecto), Juan José Buño e Roberto Suárez

143 ALUMNAS e 31 ALUMNOS  
de tres materias

**Acción Socioeducativa con  
Minerías e Colectivos  
Vulnerables** (3<sup>er</sup> curso de Grado  
en Educación Social),  
encargado de la asignatura de  
socioanálisis.

Lucía Abela-ra  
Néstor Allegro  
Diego Álvarez  
Claf Arcija  
Laura Ares  
Tania Barreiro  
Sara Bermúdez  
Geminio Roca

Alicia Cibe  
 Eduardo Orjuel  
 Roberto Otero  
 Ana Pardo  
 Laura Pardo  
 Tania Pardo  
 Rocio Ponabadi  
 Nelsia Prioupi  
 Raquel Pouso  
 Aldora Prado  
 Uliks Quiñe  
 Tamara Ramos  
 Arda Rega  
 Marta Río  
 Iría Robles  
 Lidia Rodríguez  
 Lucía Rodríguez  
 Antía Roma  
 Sofía Sánchez  
 Carla Sánchez  
 Lucía Sanjuán  
 Andrea Sanjuán  
 María Salís  
 Anaïs Sanmar  
 María Sanmiguel  
 Mar. Semadenas  
 Rocío Solerín  
 Cristóbal Solís  
 Lucía Suarez  
 Lucía Suarez  
 Juan Teclín  
 Manuel Tejido  
 Natalia de la Torre

Noelia Varela Chans  
Javier Varela  
Noelia Varela Vázquez  
Iris Vázquez  
Ivon Vázquez  
Laura Vega  
Iris Villar  
Olivia Vushchuk

Tania Álvarez  
Anais Arias  
Andrés Barberán  
Nicolle Bardenas  
Miriam Brage  
Néstor Corbell  
Rebeca Chouka  
Collo Cuevas  
Amanda Dapena  
Ana Díaz  
Marta Díaz  
Alina Expósito  
Alejandro Fajue  
Alba Farías  
Cristina Fernández  
María Fernández  
Lourdes Forrelló  
María García

Daniel Prieto  
Iola Carola  
Raquel García-Gasco  
Usia Cay  
Sofía Gómez  
Angela González  
Cintia González  
Sofía González  
Noelia Grandal  
Laura Hoss  
Ariadne Julian  
Noelia Lago  
María López  
Dora López

Noelle Lussada  
Maria Mariviera  
Lara Mariño  
Nicole Manóe  
Xavier Martínez  
O'Huara Mateo  
Leticia Méndez  
Jenniffer Miguez  
Sainza Mosteiro  
Haizea Mosteiro  
Rufino Moya  
Candela Crefórez  
Inés Oureiro  
Ana Parlo  
Andrea Párraga  
Jenniffer Paz  
Sandra Pereira  
Vesela Pinnov  
Martha Quintan

Kara DiVin  
Silvia Rana  
Marta Rico  
Noel Rivas  
Bruno Rivas  
Ana Rodriguez  
Pedro Rodriguez  
Lorena Romar  
Ara Romero  
Altona Rouco  
Antonio Sanchez  
Lara Santolucila  
Isabel Sixto  
Antia Cotto

Alba Suárez  
Patricia Suárez  
Regina Tejo  
Andrea Torreira  
María Trigo  
Marlene Ulla  
Alba Yáñez  
Andrea Vázquez  
Iván Vázquez  
Alejandro Ventura  
Sara Vilas

María Ingrida Balayo  
Alberto Castro  
Laura Cortiñas  
Celia González  
María Martí  
Néstor Meisoso  
José Luis Modroño  
Andrea Paz  
Alfredo Pérez  
Cristina Piñero  
Rosa Prenas  
Irene M<sup>a</sup> Romero  
Pedro Pablo Santos  
Rita Viqueira

**47 ENTIDADES**  
Además de las presentadas en  
mapa de recursos: Biblioteca  
Municipal Sagrada Familia;  
Centro Cívico Municipal  
Navarro-Lanza; Centro Social  
A Insuñier Club Torrel;  
Ludoteca Troulas; e Médicos del  
Mundo.

Inspirado en Los Medios  
Jornalísticos.org

Con inestimable colaboración  
de Rol Fernández e Ana López.

### Organiza



Facultade de Ciencias da Educación  
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Arquitectura  
San Fronteire

## Financial


XUNTA  
DE GALICIA

Logo of the American Society of Human Genetics (ASHG), featuring a stylized figure and the text "American Society of Human Genetics".

### Colaboran



- EXCURSOS / FICHAS
- VIDEO
- RESENAS
- DIÁRIO DE CAMPO
- MAPAS



- LAURA — AÇÃO EDUCATIVA COM MINORIAS E CRIANÇAS VULNERÁVEIS — 100 alunos.
- JUNIO — EDUCAÇÃO MULTICULTURAL — 90 alunos
- ROBERTO — SOCIEDADE E BIOLOGIA DAS ARTES PLÁSTICAS E VISUAIS — 15 alunos



- #heterogeneidade
- #online
- #diversidade
- #cultura
- #língua

- #exclusão residencial
- #inimizidade
- #risco

ESBOÇO  
TRABALHO

VIAGEM

RECURSOS  
ANEXOS



**AVALIAR**

CONTAR VIDAS

#dormir #cozer #lavar  
#caminhar #cáio #reflex

O meu  
mapa  
vital  
↔ O mapa  
vital  
de "outro"  
MAPAS VITAIS


- #MADE ITINERÁRIOS
- #PERSONAGENS
- #OS TERRITÓRIOS
- profusão / diversidade
- #categorias estereótipo




O PROXECTO



## RECURSOS + AXENTES



## ZONIFICACIÓN



# Liña do tempo

- Traballo autónomo do alumnado**
- Traballo do profesorado**
- Sesións de aula alumnado e profesorado**


**67**  
DERIVAS

**662**  
KILOMETROS

**182**  
HORAS

**900**  
MARCAS DE POSICIÓN

## 2º E 3º DE EDUCACIÓN SOCIAL



Sesión formativa (Rurban)

**3 Nov**  
Deseño das entrevistas:  
• Repartición dos recursos  
• Selección de axentes clave

**27 Out**  
Planificación das derivas:  
• Zonificación por grupos  
• Definición conxunto das pautas de observación

**19-20 Out**  
Formación do alumnado sobre cartografía social (Rurban)

**4 e 6 Out**  
Formación do alumnado sobre dereito ao hábitat (ASF)

**27 out-10 nov**  
Realización das derivas

**10 Nov-1 Dec**  
Visita aos recursos  
Ficha de recursos e entrevistas

**1-15 Dec**  
Dixitalización da información



**60**  
ENTREVISTAS

## 46 AXENTES CLAVE

**14 PSF**  
9 homes  
3 mulleres

4 nacionalidades  
Entre 23 e 66 anos  
(45,2 anos de media)

**10 PIM**  
9 homes  
1 muller

8 nacionalidades  
Entre 23 e 48 anos  
(34,6 anos de media)

## MESTRADO DE SECUNDARIA

**20 Nov**  
Presentación da proposta e formación sobre dereito ao hábitat

**20 Nov-22 Dec**  
Familiarización cos datos e realización das derivas

**24 Xan**  
Formación sobre cartografía e soportes gráficos

**24 Xan-28 Feb**  
Deseño dos materiais para a exposición



Sesión formativa (ASF)



Montaxe do cubo

**1 Mar-15 Abr**  
Revisión do deseño con LeGráfica

**23 Abr**  
Exposición



Pegados das derivas



DERIVAS / O mapa




DIARIOS DE CAMPO



VISITAS /  
As táboas de datos



REUNIÓN /  
A comunidade experta



ENTREVISTAS /  
Historias de vida





Código do Grupo [       ]  
 Nome alumno: \_\_\_\_\_



## ENTREVISTA (GUIÓN) //////////

### COÑECENDO O TRABALLO DOS AXENTES



Os puntos propostos máis abaixo non son unha enquisa. Non vos limitedes a seguiilos coma robots; lede (releede e preguntade) acerca das instrucións que se atopan na contraportada deste mesmo caderno. Lembrade recoller a visión do entrevistado (axente) sobre o dereito ao hábitat: principais problemas da cidade relacionados coa exclusión residencial, proposta de accións de mellora, experiencias etc...

| DATOS XERAIS            | CÓDIGO DA ENTREVISTA [       ] |
|-------------------------|--------------------------------|
| Nome do entrevistado    |                                |
| Entidade á que pertence |                                |
| Data da entrevista      |                                |
| <i>Hora de inicio</i>   |                                |
| <i>Hora de fin</i>      |                                |
| Lugar onde ten lugar    |                                |

| ALGÚNS FITOS PARA A ENTREVISTA              |  |
|---------------------------------------------|--|
| Anos de experiencia                         |  |
| Rol que desenvolve                          |  |
| O máis positivo do traballo                 |  |
| En que pode contribuír o resto da cidadanía |  |
| Avances                                     |  |
| Retrocesos                                  |  |
| Que recursos bota en falta                  |  |
| Que recursos melloraron especialmente       |  |
| Outros                                      |  |

Non vos esquezades de pedir o consentimento, retratar ao entrevistado e rexistrar o son e/ou vídeo.



## ENTREVISTA (GUIÓN) //////////

### RECOLLENDO HISTORIAS DE VIDA

Ademais dos campos que aparecen na táboa desta páxina, lembrade deixar constancia da información relativa a:

- Mapa/itinerario vital:  
 onde dorme      onde almorza      actividades de mañá      onde come  
 actividades de tarde      onde cea onde dorme
- Recursos / servizos:  
 cales cofece      cales usa cales non por que
- Visión sobre o dereito ao hábitat: principais problemas da cidade (sinalados tamén no mapa), alternativas - propostas.

| DATOS                                       |  |
|---------------------------------------------|--|
| Nome do entrevistado                        |  |
| Tipoloxía de perfil                         |  |
| Lugar de orixe                              |  |
| Lugar de residencia                         |  |
| Idade                                       |  |
| Data da entrevista                          |  |
| <i>Hora de inicio</i>                       |  |
| <i>Hora de fin</i>                          |  |
| Lugar onde ten lugar                        |  |
| Entidade a través da que se fixo o contacto |  |

Outros aspectos en torno aos que poderedes tomar notas e/ou preguntar, poden ser aqueles campos contidos na táboa [caracterizante dos perfís](#) >>>

Insistimos unha vez máis en que non se trata dunha enquisa.



**DERIVA**

### COÑECENDO OS BARRIOS E OBSERVANDO OS RECURSOS INFORMAIS\*

**Páxina índice**



|                           |  |           |  |                            |  |
|---------------------------|--|-----------|--|----------------------------|--|
| Saída_01                  |  | Data:     |  | Lugar Inicio:              |  |
| Nome do<br>ficheiro *.GPX |  | H.Inicio: |  | Lugar Fin:                 |  |
|                           |  | H.Fin:    |  | Nº espazos<br>rexistrados: |  |
|                           |  | Kms:      |  | Nº escenas<br>rexistradas: |  |

| Saída_02                  |  | Data:     | Lugar Inicio:           |
|---------------------------|--|-----------|-------------------------|
| Nome do<br>ficheiro *.GPX |  | H.Inicio: | Lugar Fin:              |
|                           |  | H.Fin:    | Nº espazos rexistrados: |
|                           |  | Kms:      | Nº escenas rexistradas: |

**Lenda das marcas de posición / adhesivos do mapa**

ESCENAS

LUGARES

REFUGIO e/ou DURMIR

ENCONTRO e/ou SOCIALIZAR

SEGURC INSEGURO

CUBERTO DESCUBERTO

[illegible]

\* Pon unha etiqueta a esa marca de posición, p.ex.: #BANCO #CAIXEIRO #COCHE etc...

\*\* Nome longo, p.ex.: Pessoas comendo nun soportal

\*\*\* Nome da praça ou rúa e número



## INSTRUCCIÓN / PROCESO DE TRABALO

Cada un dos grupos ten asignada diferentes zonas para realizar o seu percorrido de observación. Este é o voso diario de campo e a vosa zona. **Indicade o voso código.**

**Prepara os vosos dispositivos móbiles e cámaras fotográficas.** Baterías cargadas e o *OSM tracker* instalado.

**Escollede un punto de inicio** para comezar a ruta. O mapa indicavos onde están os recursos formais do barrio, a ubicación dos axentes e os bordes da vosa área.

Faredes dúas saídas así que distribuíde a área de rexistro para que as vosas trazas abarquen toda a zona asignada. É importante que coñezades os **espazos circundantes** aos elementos da lenda predeterminada pero sen deixar de percorrer o resto da área, incluíndo os **bordes**.

**Rexisttrade as vosas trazas** a man sobre o mapa de papel ademais de facelo co *OSM tracker*.

Ao longo do percorrido **rexisttrade puntos** (LUGARES ou ESCENAS de interese para o traballo) empregando os autocolantes. Escribe sobre eles -con rotulador negro fino permanente- o código numérico. **Escribide ese mesmo código na táboa correspondente**; xa só che falta darlle a correspondente descrición. Cando remates terás feito a lenda do mapa!

A maiores cada punto debe ter o seu rexistro fotográfico. Poderedes facelo de dous xeitos, empregando a propia APP (*OSM tracker*) (a cal permite ir facendo un rexistro fotográfico que xa quedan vinculados á traza dixital) ou coa cámara do móbil ou calquera outra. Moita atención á hora de darlle nome a todas estas fotografías, xa que deberán compartir código coa lenda do mapa que estades realizando no papel. O éxito deste grande mapa depende de vós.

Non esquezaes empregar os espazos en branco para describir máis polo miúdo as vosas observacións e reflexións.

### RECAPITULANDO...

Andamos á procura de espazos que permitan ou exclúan do seu uso ás persoas sen fogar e/ou ás migrantes. Eses espazos ou obxectos poden ser moi diversos, mesmo informais, é dicir, non sempre visibles e evidentes pero enormemente necesarios (ou todo o contrario!). Ás veces atopáremolos sendo empregados pero non sempre. Agudizade a vosa vista!!!

Con frecuencia nun proceso de **observación participante** cabe a **posibilidade de ter unha conversa** con algún veciño ou protagonista das nosas observacións. Se ocorre rexistrao tamén no teu diario de campo e marca como punto **ESCENA** a túa conversa.

**ATENCIÓN!** Tede moito coidado cos números de rexistro e o carácter conciso das descricións, xa que esta info deberá ser introducida en táboas de datos.

## INSTRUCCIÓN (xerais) PARA AS ENTREVISTAS

**Elaborede un guión** onde aparecen as grandes liñas de conversa – temáticas que deberán xurdir ao longo da entrevista. Deberán ter unha orde lóxica; do xeral ao específico, agrupadas por temáticas.

**Prepara o equipo de gravación** que vaiades empregar. Baterías cargadas.

Antes de iniciar a entrevista lembra que tedes que obter do entrevistado o seu **CONSENTIMENTO INFORMADO** e ter unha primeira conversa informal con eles na que vos presentades e lle comuniquedes os obxectivos do proxecto.

Se a persoa accede a ser gravado e fotografado prepara e dadelle a **PLAY** nos vosos dispositivos.

Xerade un **contexto de confianza e de tranquilidade** mutua e enchede os **datos iniciais** que tedes na táboa deste guión.


Mantede ao longo da entrevista unha **actitude profesional** non mostrar posicionamentos nas preguntas, non facer valoracións das súas opinións, manter o interese, non amosar prepotencia e deixar espazo os silencios.

**Tomade notas** durante e despois da entrevista.

Agradece a súa colaboración.



*Lembra que estades ante unha entrevista semiestruturada, é dicir, temos un guión común pero debemos deixar tempo para que a entrevistada/entrevistado poida expresarse con liberdade. Ollo! Sen que isto implique que fale sen parar libremente, debesdes reencamiñar a conversa aos vosos intereses cando consideredes sexa necesario. Facédeo con tacto para que a persoa non sinta que non estades interesados no que vos conta.*

*Cando rexistramos unha entrevista é importante o que se conta pero tamén as veces os espazos de silencio, o contexto e a linguaxe corporal do entrevistado. Cando rematedes a entrevista anotade as vosas impresións sobre a conversa. Sentíuse incómodo o entrevistado con algunha pregunta? Cantas persoas había na sala na que se fixo a entrevista? Falaron ao longo da entrevista? Interactuaban co entrevistado?*




## ENTREGABLES / *outputs*











Mapa subjetivo dos afectos, sensacións e emocións, no que se presentan 238 relatos de pasado, presente e futuro, de 5.071 vistas

Pasado

- Adela 1
- Andrea 1
- Ángel 1
- Artur 1
- ... 69 más


Actualidade

- Adela 2
- Adriana 1
- Adriana 2
- Andrea 2
- ... 109 más

Futuro

- Adela 3
- Brais 3
- Carla 3
- Celsa 7
- ... 33 más

Itinerarios cotiáns






<https://vimeo.com/63805522>

#### ANARCHIVO DE MEMORIAS COMUNES



<https://bicomun.org/es/>



# Coidar os datos\_ ética de datos

Empregar plataformas que coiden os datos

Consentimentos informados para coidar os datos

A veracidade dos datos / procesos de validación

## DOCUMENTO INFORMATIVO

No seguinte documento infórmase do propósito do traballo, así como das garantías de confidencialidade dos seus datos. Léao detidamente e pida todas as explicacións necesarias para decidir libremente a súa participación. Ademais, ten dereito a solicitar unha copia do documento, asinada pola docente responsable.

### Cal é o obxectivo do traballo?

O traballo enmárcase na materia *Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables* de terceiro curso do Grao en Educación Social, da Facultade de Ciencias da Educación, Universidade da Coruña.

O propósito é elaborar unha cartografía colaborativa sobre o dereito ao hábitat na cidade da Coruña. Interéranos:

- situar os recursos formais e informais existentes na cidade, destinados ás persoas sen fogar;
- identificar os espazos vitais das persoas sen fogar;
- coñecer os principais problemas relacionados co dereito ao hábitat e alternativas de mellora, desde a perspectiva das persoas que os sofren.

Coa información recollida elaborárase unha cartografía social que se exporá na Facultade de Ciencias da Educación coa finalidade de sensibilizar sobre o dereito ao hábitat.

### Por que se me invita a participar?

Por ser unha persoa en situación ou risco de atoparse sen fogar e/ou por empregar os recursos existentes na cidade da Coruña para atender situacións de risco de exclusión social.

Entendemos por senfogarismo a "carencia dun lugar no que radicar a propia existencia e construír unha biografía dotada de sentido e dignidade" (Cabrera, 2006); e, por persoas sen fogar, aquelas que "non poden acceder ou conservar un aloxamento axeitado, adaptado á súa situación persoal, permanente, e que proporcione un marco estable de convivencia, xa sexa por razóns económicas ou outras barreiras sociais, ou ben porque presentan dificultades persoais para levar unha vida autónoma" (Feantsa).

### En que consiste a miña participación?

En responder a unha breve entrevista sobre os espazos que habita e os recursos que emprega no seu día a día. As preguntas pretenden coñecer o seu itinerario vital nun día, e a súa opinión sobre os recursos de axuda existentes, os problemas de vivenda existentes na cidade e as alternativas de mellora.

Da entrevista tomarase nota nun caderno de campo e, se da o seu consentimento, pode ser gravada en audio e/ou vídeo. Así mesmo, preguntáraselle se podemos facer un rexistro fotográfico.

### Vou obter algún beneficio coa miña participación?

A participación é voluntaria e non implica ningún beneficio directo a cambio. Un posible beneficio indirecto é o coñecemento dos recursos sociais existentes na cidade aos que pode acceder; así como a sensibilización da cidadanía sobre o dereito ao hábitat.

Ao finalizar o traballo será convidada/o á xornada de presentación da cartografía, onde recibirá información e poderá preguntar polos resultados do proceso desenvolvido.

### Como se protexerá a confidencialidade dos meus datos?

O tratamento dos datos farase conforme ao disposto pola Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os datos facilitados serán anonimizados, é dicir, non figurará o seu nome en ningún rexistro. Nas fotografías e/ou vídeos empregaranse métodos para distorsionar a imaxe de forma que non se lle poda recoñecer.

### Grazas pola súa colaboración

## DOCUMENTO DE CONSENTIMENTO PARA A PARTICIPACIÓN

### CARTOGRAFÍA SOCIAL DO DEREITO AO HÁBITAT

Eu,..... con DNI .....

- Lin o documento de información que se me entregou, puiden conversar co grupo de traballo e facer todas as preguntas sobre o estudo.
- Comprendo que a miña participación é voluntaria.
- Presto libremente a miña conformidade para:
  - ☐ Que se grave en audio a entrevista.
  - ☐ Que se grave en vídeo a entrevista.
  - ☐ Que se fagan fotografías.
  - ☐ Que se empreguen os meus datos anonimizados e pixelados.

Asdo.: O/A participante,

Asdo.: O grupo de traballo

Nome e apelidos:

Nome e apelidos:



## Avaliación do curso CartografíasTerra\_2020

Captura de aprendizaxes, retos e desexos

Aprendizaxes de  
enfoque

Aprendizaxes de  
ferramentas

Retos de cara a aplicar a  
cartografía na aula

Desexos dos coles

Desexos dos institutos

Outros comentarios

AÑADIR COLUMNA



<https://es.padlet.com/mariamasaquer/dla0oe4pruyj6f2s>

Contrasinal: proxectoterra

Estudio Rurban

[info@estudiorurban.com](mailto:info@estudiorurban.com) / [maria@estudiorurban.com](mailto:maria@estudiorurban.com) / [martin@estudiorurban.com](mailto:martin@estudiorurban.com)

